

Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

OUTRAS ENTIDADES

CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO PARA BALEIRADO DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS DOMÉSTICAS, LIMPEZA DE ACOMETIDAS, CANOS E DESAUGADOIROS E TRASLADO DE LODOS Á EDAR DE GUILLAREI

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Comité Directivo do Consorcio para a Xestión Integral do Ciclo Urbano da Auga do Louro, na sesión de data 11 de marzo de 2022, prestou a súa aprobación inicial ao expediente de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público para baleirado de pozos negros e fosas sépticas domésticas, limpeza de acometidas, canos e desaugadoiros, e traslado de lodos á Edar de Guillarei (Expte. 40/2022).

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOPDEPO nº 117/20-06-2022, durante un prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, quedando aprobada definitivamente, polo que se procede a publicar o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO PARA BALEIRADO DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS DOMÉSTICAS, LIMPEZA DE ACOMETIDAS, CANOS E DESAUGADOIROS E TRASLADO DE LODOS Á EDAR DE GUILLAREI DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

ARTIGO 1. CONCEPTO.

Constituirá o concepto do prezo público regulado nesta ordenanza o servizo de baleirado e limpeza de pozos negros e fosas sépticas e o posterior traslado dos residuos ás instalacións da EDAR de Guillarei, así como os de limpeza e acometidas, canos e desaugadoiros domésticos.

Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por:

Pozo cego ou pozo negro. Escavación no terreo, xeralmente de forma circular, revestida de paredes perforadas que recibe a descarga das augas residuais (augas negras) de orixe doméstica. Nese sistema primario de depuración o líquido filtrase no terreo, mentres que a parte sólida queda retida ata que se descompón por efecto bacteriano. A profundidade máxima do pozo ven determinada pola capa freática ou capa de auga superficial ou subterránea do terreo á que non debe alcanzar o pozo para non contaminar dita auga.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

Fosa séptica. Instalación na que se leva a cabo o tratamento primario de augas residuais de natureza doméstica. Componse de dous ou máis compartimentos nos que se realiza a separación e a reacción físico-química da materia orgánica desas augas.

Estación depuradora de augas residuais (EDAR). Unidade composta por instalacións, estruturas ou mecanismos que permitan unha depuración por métodos físicos, químicos ou biolóxicos da auga residual co fin de adecuar a auga residual aos obxectivos de vertedura.

Acometida. conxunto de elementos interconectados (arqueta de arranque, albañal e entroncamento) que unen a rede de saneamento coa instalación interior dunha vivenda ou edificio.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Estarán obrigados ao pagamento dos prezos públicos contidos nesta ordenanza, de acordo co contido do artigo 43 da LRFL, quen se beneficie dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.

ARTIGO 3. SOLICITUDE DE BALEIRADO

1. A solicitude de baleirado realizarase mediante o formulario correspondente que recollerá os datos necesarios identificativos do inmovible, do propietario do mesmo e da fosa séptica/pozo negro a baleirar. Esta solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a. Copia do NIF/CIF do solicitante.

b. Autorización administrativa do Consorcio para Baleirado de Fosas Sépticas do Consorcio ou ben resolución positiva da Declaración de Baleirado de Fosas Sépticas en Depuradoras de Augas Residuais Xestionadas por Augas de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Xunta de Galicia, por aplicación do Decreto 136/2012, do 31 de Maio de 2012, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

c. Xustificante de ter realizado o pago estipulado da cota correspondente segundo artigo 6, en función do volume de residuos a baleirar e do número de baleirados realizados dentro do ano natural.

2. Para proceder ó baleirado por parte dos Consorcio, a fosa séptica ou pozo negro deberá estar dado de alta no Censo de Fosas Sépticas e Pozos Negros do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

ARTIGO 4. REDUCIÓNS DO 50% DA COTA ÁS FAMILIAS NUMEROSAS

1. Aplicarase unha redución do 50% sobre a cota cando proceda aos usos destinados á vivenda habitual de familias numerosas que acrediten formalmente tal condición. Neste sentido, a dita acreditación entenderase producida no data de presentación da solicitude completa a que se refire o artigo seguinte.

2. Só se poderá obter a dedución da cota por ter a condición de familia numerosa na vivenda principal, sen que se conceda nas restantes vivendas que poderá ter algún dos membros que constitúan a familia numerosa. Para iso, a solicitude deberá reunir os seguintes requisitos:

a) O domicilio para o que se solicita a redución deberá coincidir co enderezo no que a unidade familiar estea rexistrada

b) O solicitante do servizo obxecto dos prezos públicos contidos nesta ordenanza deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar.

3. O procedemento para solicitar a redución iniciarase coa presentación ante o Consorcio dunha declaración de datos axustada ao modelo establecido para o efecto.

4. A declaración realizarase e asinarase pola persoa que figure como titular no título de familia numerosa e deberá achegar copia do volante onde figure a vivenda na que se atopa empadroada a unidade familiar.

5. Na devandita solicitude, o solicitante deberá autorizar a comprobación da vixencia da condición de familia numerosa ante a Administración competente e, así mesmo, deberá figurar a correspondente autorización ao Consorcio para que comprobe, en relación ao empadroamento da unidade familiar, a veracidade dos datos a través do sistema de verificación de datos de identidade (SVDI) e de residencia (SVDR) do Ministerio de Administracións Públicas.

6. No caso de non prestar a súa autorización, a solicitude deberá vir acompañada do volante ou certificado de empadroamento emitido nos dez días naturais anteriores á presentación da solicitude e de copia do carné de familia numerosa ou título acreditativo, expedido pola Administración competente.

7. No caso de que se considere correctamente formalizada a declaración, considerarase acreditada a condición de familia numerosa, procedendo o Consorcio a ditar a resolución correspondente, que terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á súa acreditación.

8. Cando a solicitude non reúna os requisitos para a concesión da redución, o Consorcio deberá, con carácter previo á notificación da resolución, notificar ao obrigado ao pagamento a proposta de resolución denegatoria para que, nun prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación de dita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito. Con todo, poderá ditarse directamente resolución cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polo interesado.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

9. A resolución deberá ser ditada no prazo de seis meses a contar desde o día da presentación da declaración. A falta de notificación da resolución no devandito prazo comporta a estimación da solicitude.

10. A perda da condición de familia numerosa que motivou a concesión da dedución debe ser comunicada a Augas de Galicia no prazo dun mes para partir do momento en que se produza.

ARTIGO 5. REDUCIÓN DO 100% DA COTA POR ESTAR EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL

1. As unidades de convivencia independentes que acrediten estar en situación de exclusión social poderán solicitar unha redución do 100% da cota por baleirado de fosas sépticas.

2. A efectos desta ordenanza enténdese por unidade de convivencia independente a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

3. Os requisitos que deben cumprir as unidades de convivencia para ter a condición de estar en risco de exclusión social serán as seguintes:

a) A dirección para a cal se solicita a bonificación debe coincidir coa dirección en que se atopa empadroada a unidade de convivencia.

b) O solicitante do servizo obxecto dos prezos públicos contidos nesta ordenanza deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar.

c) Os ingresos totais da unidade de convivencia non deben superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

d) Polo menos una das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia.
- Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
- Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que contén con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela recoñecidos na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. O procedemento iníciase coa presentación dunha solicitude diante do Consorcio. Dita solicitude deberá acompañarse dun informe emitido nos quince días anteriores á súa presentación polos servizos sociais comunitarios do concello de residencia a través dun modelo oficial no que se certificará que cumpre os requisitos especificados nos apartados anteriores.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

5. Unha vez recibida a documentación completa o Consorcio procederá a dar traslado do informe emitido polos servizos sociais comunitarios do concello á consellería competente en materia de servizos sociais para os efectos de que estes acrediten a situación de exclusión social da unidade de convivencia. Dita acreditación entenderase realizada desde a data de presentación da solicitude e terá efectos a partir do primeiro día natural do terceiro mes seguinte á súa acreditación.

6. Acreditada a condición o Consorcio procederá a ditar a resolución. Así mesmo, comunicará dita circunstancia aos servizos sociais do concello.

7. Cando a solicitude non reúna os requisitos para a concesión da exención, o Consorcio deberá, con carácter previo á notificación da resolución, notificar ao obrigado ao pagamento a proposta de resolución denegatoria para que, nun prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación de dita proposta, alegue o que conveña ao seu dereito. Con todo, poderá ditarse directamente resolución cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as presentadas polo interesado.

8. A resolución deberá ser ditada no prazo de seis meses a contar desde o día da presentación da declaración. A falta de notificación da resolución no devandito prazo comporta a estimación da solicitude.

9. Os servizos sociais do concello deberán comunicar ao Consorcio a perda da situación de risco de exclusión social no prazo dun mes para contar desde o momento no que se produza dita perda.

10. O procedemento regulado neste artigo poderá ser iniciado mediante a presentación da solicitude á que fai referencia o apartado 4 directamente á consellería competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia quen, unha vez acreditada a condición de exclusión social, procederá a dar traslado de toda a documentación ao Consorcio.

ARTIGO 6. COTAS.

As tarifas aplicaranse por cuba ou fracción (5 m³ de capacidade máxima) para unha duración estimado dos traballos de baleirado de 90 minutos ou fracción. No caso de que o volume de residuos xerados sexa inferior ós 5 m³ ou a duración dos traballos sexa inferior aos 90 minutos, aplicarase a tarifa do tramo, que se considera a tarifa mínima polo uso do servizo. Non se admitirán fraccionamentos desa tarifa mínima dentro de cada tramo.

As tarifas serán as seguintes:

- 1.—Por unidade de baleirado dentro do ano natural: 40,00 € por cuba de 5 m³ ou fracción e por cada 90 minutos ou fracción.
- 2.—Polo tempo adicional de baleirado: 11,00 € por cada 30 minutos ou fracción.
- 3.—Limpeza de acometidas, canos e desaugadoiros: 40,00 € por cada 90 minutos ou fracción.



Xoves, 25 de agosto de 2022

Núm. 162

4.—Polo tempo adicional de limpeza de acometidas: 11,00 € por cada 30 minutos ou fracción.

Ás tarifas anteriormente indicadas engadiráselle o IVE correspondente.

ARTIGO 7. XESTIÓN.

1. Os prezos públicos regulados nesta ordenanza devengarase no momento da solicitude dos servizos.

2. Os solicitantes dos servizos que constitúan o concepto deste prezo público deberán realizar, no momento da solicitude o ingreso dos prezos públicos correspondentes polos importes sinalados nas tarifas do artigo anterior. O Consorcio practicará liquidación complementaria se procede.

ARTIGO 8 . INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nas infraccións tributarias desta ordenanza a súa cualificación, así como as sancións correspondentes estarase ó disposto na Lei xeral tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1.^a. No que non estea previsto na presente ordenanza será de aplicación a Lei xeral tributaria e normativa concordante de aplicación.

2.^a. A presente ordenanza entrará en vigor logo da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo indicado no artigo 65,2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Así o manda e asina dixitalmente, o Presidente, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

